

# Goza do Ulla

## 2019

### Polos camiños do Ulla



Inscripción nos Concellos correspondentes o martes previo á realización da actividade.

PROGRAMA PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE:  
A ESTRADA | AGOLADA | ANTAS DE ULLA | ARZÚA | BOQUEIXÓN  
CATOIRA | DODRO | MONTERROSO | PADRÓN | PALAS DE REI  
PONTECESURES | RIANXO | SANTISO | SILLEDA | TEO | TOURO  
VALGA | VEDRA | VILA DE CRUCES | VILAGARCÍA DE AROUSA

Máis información e actividades complementarias:  
Concellos participantes, gozadoulla@gmail.com,  
Oficinas de Información Turística dos concellos participantes  
<https://www.facebook.com/GozaDoUlla>



### ARZÚA RUTA DA FERVENZA DAS HORTAS

GPS: N: 42° 55' 40.6"  
O: 8° 09' 41.0"

Data: Sábado, 28 de setembro de 2019  
Hora saída: 9:00 h. Distancia: 14 Km.  
Dificultade: Baixa  
Punto de encontro: Mercado Centro Multiusos "Terra do Queixo"  
Contacto e información: Tel.: 676 172 978  
luis.otero@concellodearzua.com

A paisaxe de Arzúa está traxecada polo curso dos seus ríos e regatos. O río Iso, o Mera e o Ulla, e os seus numerosos afluentes, acobillan nas súas ribeiras acougantes recunchos e conservan unha vizosa fauna e flora. A auga é protagonista na fervenza das Hortas tamén chamada Fervenza de Santa Marta que é un dos límites naturais entre os concellos de Arzúa e Touro. Consta de dúas caídas de auga duns 30 m. de altura. Na súa parte alta atópase o muíño dos Agra, situado no Concello de Touro.



### PADRÓN POLAS BEIRAS DO ULLA

GPS: N: 42° 44' 14.6"  
O: 8° 39' 32.6"

Data: Sábado, 5 de outubro de 2019  
Hora saída: 9:30 h. Distancia: 12 Km.  
Dificultade: Baixa  
Punto de encontro: Centro Social Conc. de Padrón  
Contacto e información: Tel.: 646 593 319  
turismo@padron.gal

Ruta circular que percorre as beiras dos ríos Sar e Ulla, cun perfil sen grandes desniveis no que se percorren os márxenes do Ulla na parroquia de Herbón ata chegar á desembocadura do Río Sar no Ulla. Esta ruta permítenos facer un roteiro cultural pasando por algúns dos elementos máis característicos desta zona, as pesqueiras da lamprea, o Convento de Herbón, a Fundación de Rosalía de Castro, e O Santiaguino do Monte, lugar onde segundo narra a tradición predicou o apóstolo Santiago en vida. Pola tarde ofrecerase unha visita guiada polo casco histórico de Padrón de balde. Inscripción previa. (17:30 h.).



### SANTISO SENDEIRO DE BEIGONDO

GPS: N: 42° 51' 54.3"  
O: 8° 5' 59.6"

Data: Sábado, 19 de outubro de 2019  
Hora saída: 10:00 h. Distancia: 7 Km.  
Dificultade: Media-baixa  
Punto de encontro: Campo da festa de Beigondo  
Contacto e información: Tel.: 981 818 501  
nicolas.castro@santiso.gal

Paseo da redor do encoro de Portodemouros na parroquia de Beigondo coa curiosidade de ver o único ferry de augas continentais de Galicia. Sendeiro circular, de sete kilometros e nivel doado, apto para tódolos públicos. Ademais do ferry de uso público e gratuito unindo os concello de Santiso e Vila de Cruces, poderemos ver a Illa de Altura e a presa do encoro. Unha paisaxe de moito valor e beleza.





### TOURO UNINDO CAMIÑOS 'DE NOVEFONTES A SOUTO DO BARCO, PASANDO POLO PEGO'

GPS: N: 42° 52' 01.4"  
O: 8° 18' 13.3"

Data: Sábado, 26 de outubro de 2019  
Hora saída: 9:45 h. Distancia: 12 Km.  
Dificultade: Baixa  
Punto de encontro: Casa do Concello  
Contacto e información: Tlfns.: 981 50 40 29,  
981 81 45 66 - correo@concellodetouro.gal

Roteiro lineal que transcorre, na súa maioría, pola beira do río Ulla. O punto de partida é a igrexa de Novefontes, para coller unha senda que nos leva a fervenza do Inferniño e ao río Ulla, que seguirá a amosarmos o seu interese paisaxístico e botánico. Despois de recuperar forzas no entorno do Pozo do Pego, veremos o núcleo tradicional de San Pedro de Ribeira, a área recreativa e a ponte de Remesquide. Xa neste último tramo incluído na Rede Natura 2000, e seguindo o camiño dos pescadores, chegamos ao final do percorrido na área recreativa de Souto do Barco.




### CATOIRA RUTA DE OESTE

GPS: N: 42° 39' 59.3"  
O: 8° 43' 21.3"

Data: Domingo, 6 de outubro de 2019  
Hora saída: 10:00 h. Distancia: 10 Km.  
Dificultade: Baixa  
Punto de encontro: Área recreativa Fonte Gaiteira  
Contacto e información: Tel.: 986 546 014  
Departamento de Cultura  
monica.catoira@gmail.com

Percorrido circular partindo da área recreativa Fonte Gaiteira, baixando polo sendeiro do Río Catoira ata a desembocadura no Muíño do Cura (de marea). Continuaremos polo paseo da Praia Fluvial ata as Torres de Oeste (parada), continuando polo Paseo Fluvial do Ulla que descorre por unha zona de brañas incluída na Rede Natura 2000. Desviaremos cara o núcleo rural As Rañas, regresando de novo polo Paseo Fluvial e Paseo de Xelmírez ata a Fonte Gaiteira.




### VILA DE CRUCES OLLARES - PONTE BASEBE

GPS: N: 42° 47' 38.0"  
O: 8° 10' 13.0"

Data: Domingo, 27 de outubro de 2019  
Hora saída: 9:30 h. Distancia: 8 Km.  
Dificultade: Media  
Punto de encontro: Casa do Concello  
Contacto e información: Tel.: 986 582 017  
concellodeviladecruces@gmail.com

Ruta lineal dende a parroquia de Ollares ata a Ponte Basebe, pasando por xunto o embalse de Touro. Transcorre por diversos sendeiros e camiños colindantes ó río Ulla. Durante estes 8 Km. o camiñante disfrutará dunha morea de sensacións transmitidas pola gran riqueza paisaxística da zona, permitindo disfrutar da ampla flora e fauna que viste este marco incomparable de Vila de Cruces.




### SILLEDA PRAIA DE CIRA (Silleda) - COUTO DO CASTRO (A Estrada)

GPS: N: 42° 47' 02.8"  
O: 8° 20' 44.7"

Data: Sábado, 12 de outubro de 2019  
Hora saída: 9:30 h. Distancia: 10 Km.  
Dificultade: Media  
Punto de encontro: Praia fluvial de Cira  
Contacto e información: alfredo.abeledo@silleda.es  
Tlfns.: 654 397 120 (Alfredo)  
665 661 990 (Isabel González)

Roteiro intermunicipal entre Silleda e A Estrada, con saída da Praia Fluvial de Cira e remate no Couto do Castro en San Miguel de Castro con percorrido polas contornas do Castelo da Cira, paseo paralelo entre o bosque de ribeira do Ulla, e sendeiro homologado do Castro para rematar no Miradoiro do Castro e disfrutar dunha impresionante vista ao meandro do río, sobre Gundián e val de Ponte Ulla co Pico Sacro de fondo de escenario. O regreso farase en autobús ata o punto de partida.



### RIANXO AS TRES CRUCES

GPS: N: 42° 40' 04.5"  
O: 8° 44' 23.5"

Data: Sábado, 2 de novembro de 2019  
Hora saída: 9:30 h. Distancia: 11 Km.  
Dificultade: Media/baixa  
Punto de encontro: Escolas de Quintáns  
Parroquia de Isorna  
Contacto e información: Tel.: 667 185 676  
turismo@concelloderianxo.gal

Roteiro circular que transcorre pola beira do río Ulla até chegar a un Vía Crucis marítimo-fluvial situado no Cabo de Trececrucis, na ladeira do Monte Palleiro. Percorrer a desembocadura do río Ulla pola marxe do concello de Rianxo permitirá ollar a outra marxe pertencente ós concellos de Catoira e Vilagarcía, así como a Illa de Cortegada e a Ría de Arousa. O roteiro continuará das Tres Cruces até as Cercas, seguindo polo lugar do Souto até chegar ao punto de inicio.



## MONTERROSO

O ENCANTO DO ULLA E A FEIRA DO QUEIXO

GPS: N: 42° 47' 30.1"  
O: 7° 50' 07.5"

**Data:** Domingo, 5 de maio de 2019  
**Hora saída:** 10:00 h. **Distancia:** 12 Km.  
**Dificultade:** Baixa  
**Punto de encontro:** A Cúpula - Concello de Monterroso  
**Contacto e información:** Tel.: 678 279 106  
espaço.lorenzo.varela@gmail.com

Saída dende a Cúpula, de ahí iremos ás quedas para pasar pola Área Recreativa Penada, o Muíño do Alemán, o Muíño do Corgo e adentrarnos en zona de Palas de Rei para acabar na Ponte Mercé, onde nos recollerá un autobús para volver ao punto de comezo da ruta.



## PALAS DE REI


UTA DAS TORRENTES

GPS: N: 42° 51' 27.1"  
O: 7° 52' 04.3"

**Data:** Sábado, 18 de maio de 2019  
**Hora saída:** 10:00 h. **Distancia:** 7 Km.  
**Dificultade:** Alta  
**Punto de encontro:** Praza do Concello  
**Contacto e información:** Tel.: 982 380 001  
culturapalas@gmail.com

A ruta percorrerá o río Ulla polo tramo das Torrentes de Mácara, iniciándose no antigo Balneario de Frádegas e chegando ata a unión do Río Pambre co Ulla.

Neste tramo hai un pequeno canón entre granito con moitos rápidos e pequenas fervezas, a de maior altura entre 3 e 4 m. Atópanse árbores de formas irregulares e grandes rochas que se deben atravesar, as veces, non sen dificultade. Posteriormente visitarase o Castelo de Pambre



## VILAGARCÍA DE AROUSA

CIRCULAR POLO XIABRE, DENDE O MIRADOR SOBRE O ULLA ATA O EMBALSE

GPS: N: 42° 37' 10.6"  
O: 8° 45' 26.2"

**Data:** Sábado, 25 de maio de 2019  
**Hora saída:** 9:00 h. **Distancia:** 17 Km.  
**Dificultade:** Media  
**Punto de encontro:** Pinar do Rei, no punto limpo.  
**Contacto e información:** Oficina de Turismo  
Tel.: 986 501 227 - oficinatourismo@vilagarcia.gal

Saíndo de Pinar do Rei, nos achegamos ata o miradoiro de Bamio para divisar a desembocadura do Ulla. Logo alcanzamos outra atalaia sobre Vilagarcía e a Ría de Arousa, continuamos ata case o nacemento do río Con, que cruzamos deixando á dereita unha curta cascada, baixamos cunha fermosa vista e camiñamos por sendeiros ata bordear o embalse. Volvemos a meternos no monte polo paseo dos castaños e continuamos por sendas ata o punto de partida.




## DODRO

BRANAS DE LAÍÑO

GPS: N: 42° 44' 0.05"  
O: 8° 40' 0.90"

**Data:** Sábado, 8 de xuño de 2019  
**Hora saída:** 10:00 h. **Distancia:** 14 Km.  
**Dificultade:** Baixa  
**Punto de encontro:** Pazo de Lestrobe  
**Contacto e información:** Tel.: 981 802 532  
deportes@concellododro.org

Ruta cun perfil moi chan e favorable. Ten entre 0,5 e 15 metros de elevación. Percorre na súa totalidade a veiga de Lestrobe e as Branás de Laiño. Considerado un dos humidaes máis importantes de Europa e onde habita a maior poboación da escribenta das canaveiras, en serio perigo de extinción. O camiñante poderase achegar ó Ulla no seu curso baixo e percibir a súa inmensidade e de todo o que o rodea ó seu paso por Dodro. Toma o testigo do curso do río onde remata o veciño Padrón e entrégallo a Rianxo.




## BOQUEIXÓN

ROTEIRO DE PESCADORES E RÍO GRANDE

GPS: N: 42° 47' 44.0"  
O: 8° 24' 19.3"

**Data:** Sábado, 29 de xuño de 2019  
**Hora saída:** 10:30 h. **Distancia:** 9,6 Km.  
**Dificultade:** Media-Baixa  
**Punto de encontro:** Codeso - San Paio  
**Contacto e información:** Tel.: 981 513 061  
boqueixonturismo@gmail.com

O punto de partida da andaina é Ponte Ledesma, un núcleo poboacional cun conxunto etnográfico moi importante: Igrexa Divino Salvador de Ledesma, a Ponte Vella de Ledesma e as Ínsuas de Gres sobre o Ulla. Percorreremos o roteiro dos Pescadores, tramo de Rede Natura 2000, un espazo natural protexido. Unha fermosa senda de pescadores cunhas vistas de gran beleza ata a parroquia de Donas. Seguiremos polo roteiro do río Grande que nos vai levar á Capela de San Paio en Codeso, rematando nunha ferveza de 7 m. de altura.





## VEDRA

UTA DE SAN XOÁN DA COVA - PRG 36

GPS: N: 42° 44' 45.0"  
O: 8° 28' 19.0"

**Data:** Domingo, 4 de agosto de 2019  
**Hora saída:** 9:30 h. **Distancia:** 12, 6 Km.  
**Dificultade:** Media-Baixa  
**Punto de encontro:** Área de recreo de Cubelas  
**Contacto e información:** Tel.: 981 814 691  
casadospeons@concellodevedra.com

Esta ruta discorre pola marxe dereita do río Ulla aproveitando camiños de paso de sendas de pescadores (Rede Natura). Ten o seu inicio no "Miradoiro de Gundián" e o remate na "Área de Recreo de Cubelas". No seu percorrido atopámonos con numerosos puntos de interese: o pobo de Ponte Ulla coa súa igrexa, o Muíño de Reboredo, a Área de Recreo de Agronovo, o Couto de Ximonde coa súa ponte colgante, ...




## AGOLADA

SOBREIRAL DO ARNEGO

GPS: N: 42° 45' 47.7"  
O: 08° 01' 08.0"

**Data:** Sábado, 10 de agosto de 2019  
**Hora saída:** 10:00 h. **Distancia:** 8 Km.  
**Dificultade:** Media  
**Punto de encontro:** Praza do Concello  
**Contacto e información:** Tel.: 619 267 783  
inma.galego@agolada.es

Percorrido lineal polo Sobreiral do Arnego (Rede Natura 2000) a carón do río Arnego (afluente do Ulla) Principal masa forestal representativa da fraga atlántica con influencia mediterránea presente na cunca do río Ulla. Como especies máis representativas destacan o carballo e a sobreira. A fauna presenta un amplo abano de especies asociadas a áreas de matorral e bosque de ribeira.



## VALGA

VISTA PANORÁMICA VAL DO ULLA

GPS: N: 42° 41' 22.0"  
O: 8° 41' 00.2"

**Data:** Sábado, 7 de setembro de 2019  
**Hora saída:** 9:00 h. **Distancia:** 10 Km.  
**Dificultade:** Media/alta  
**Punto de encontro:** Entorno do Colexio Xesús Ferro  
**Contacto e información:** Tel.: 986 559 456  
concello.valga@eidolocal.es

Roteiro circular que parte do Colexio Xesús Ferro Couselo con dirección do mirador do Monte Fontebeche, onde podemos disfrutar dunhas vistas panorámicas espectaculares e da desembocadura do río Ulla e a ría de Arousa. De seguido baixamos ao lugar de Eirexe e visitaremos a Igrexa Parroquial Divino Salvador. Alí o lado da igrexa está unha plantación de 800 olivos, "Olivar La Concordia". Despois visitamos Cerneira, onde se atopa o cruceiro máis antigo de Valga, que data do ano 1670. Finalmente regresamos o punto de partida.




## TEO

DO SESTELO Ó ULLA POLO CAMIÑO DOS ARRIEIRO

GPS: N: 42° 45' 13.5"  
O: 8° 32' 38.8"

**Data:** Domingo, 8 de setembro de 2019  
**Hora saída:** 9:00 h. **Distancia:** 10 Km.  
**Dificultade:** Media-baixa  
**Punto de encontro:** Área de lecer do Xirimbaio  
**Contacto e información:** Tel.: 981 815 700  
deportes@teo.gal

Ruta que une a Senda Natural do Rego Sestelo coa Ponte Mariola no Couto de Pesca do Couso - Xirimbaio do Río Ulla. Iniciaremos a andaina seguindo o recuperado treito do Camiño Xacobeo e dos Arrieiros, na parroquia de Raris, para achegarnos ata a Ponte Medieval de Pontevea en Reis. Remataremos á beira do Ulla polo vieiro do itinerario de interese paisaxístico que dá acceso á ponte Colgante da Mariola, punto final da nosa camiñada.





## ANTAS DE ULLA

ULLOANDO POLO NACEMENTO

GPS: N: 45° 45' 07.3"  
O: 7° 53' 26.1"

**Data:** Domingo, 15 de setembro de 2019  
**Hora saída:** 10:00 h. **Distancia:** 12 Km.  
**Dificultade:** Baixa  
**Punto de encontro:** Praza de España  
**Contacto e información:**  
Tlfns.: 982 379 251 - 699 604 533  
concello.antasdeulla@eidolocal.es

A ruta comeza no lugar de A Ponte Mercé pola beira do río, ata chegar ao antigo Balneario de Frádegas, onde visitaremos a fonte de augas sulfurosas que emana no interior. Xantaremos ao carón do río e na ruta de volta, poderemos visitar o pobo de Santa Marina e o patrimonio arquitectónico existente no lugar. Unha vez rematada a ruta, desprazámonos ata a parroquia de Santa María de Olveda, onde poderemos coñecer a nosa xoia natural: **O NACEMENTO DO ULLA.**



## PONTECESURES

OLLANDO O ULLÁN

GPS: N: 42° 43' 19.7"  
O: 8° 39' 03.7"

**Data:** Domingo, 1 de setembro de 2019  
**Hora saída:** 9:00 h. **Distancia:** 15 Km.  
**Dificultade:** Media  
**Punto de encontro:** A Plazuela (centro urbán)  
**Contacto e información:** Tel.: 986 564 410  
xuventude@pontecesures.org

Este roteiro "Ollando o Ullán" comeza no centro urbán de Pontecesures. A continuación adéntrase nas ladeiras dos montes Castro Valente e Salgueiras, desde as que se pode observar na súa totalidade o Val do Ullán e o sinuoso trazado que fai o río Ulla no centro deste val. Cabe destacar algúns lugares de interese, como son o Mirador de Galiñeira, os Petroglifos da Pedra da Serpe, así como as maravillosas vistas deste impresionante río e dos seus concellos limítrofes.



## A ESTRADA

OS SONIDOS DO ULLA

GPS: N: 42° 44' 32.8"  
O: 8° 28' 10.0"

**Data:** Sábado, 21 de setembro de 2019  
**Hora saída:** 9:45 h. **Distancia:** 12 Km.  
**Dificultade:** Baixa  
**Punto de encontro:** Ponte de Ximonde  
**Contacto e información:** Tel.: 629 577 246  
senderuta03@gmail.com

Esta ruta levaranos pola beira do río Ulla gozando dos seus carreiros e dos diferentes sons que tanto a auga coma todos os animais que viven arredor do río, como as aves, nos van orquestrando. Faremos tamén unha pequena incursión nas beiras do río Liñares. Este río, afluente do Ulla ten na súa desembocadura no Ulla un dos lugares preferidos para os pescadores polo bo estado das súas augas que son a base dunha mellor fauna fluvial.

